



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Tecnoloxías de Rexistro Distribuído e Blockchain		Código	614530106
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	5
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Enxeñaría de Computadores			
Coordinación	Fraga Lamas, Paula	Correo electrónico	paula.fraga@udc.es	
Profesorado	Fraga Lamas, Paula	Correo electrónico	paula.fraga@udc.es	
Web	moovi.uvigo.gal			
Descrición xeral	Nesta asignatura adquirense os coñecementos básicos de tecnoloxías baseadas en rexistro distribuído (DLTs) e Blockchain.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecer os conceptos fundamentais asociados ao deseño das tecnoloxías DLT e Blockchain.		AP26	BP1 BP2 BP4 BP5 BP22 CP7 CP9
Adquisición de coñecementos para desenvolver aplicacións prácticas das tecnoloxías Blockchain/DLT.		AP26	BP1 BP2 BP4 BP5 BP22 CP7 CP9
Comprender os problemas de seguridade e os ataques ás tecnoloxías DLT e Blockchain, así como coñecer os mecanismos que os permiten minimalos.		AP26	BP1 BP2 BP4 BP5 BP22 CP7 CP9

Contidos	
Temas	Subtemas
Historia das tecnoloxías DLT e Blockchain.	Arquitectura e operación de Bitcoin. Gobernanza descentralizada. Contratos intelixentes. Aplicacións descentralizadas (DApps).
Fundamentos das tecnoloxías DLT e Blockchain.	Criptografía básica. Infraestrutura de clave pública. Protocolos de consenso. Redes Peer-to-Peer (P2P).



Tipos de Blockchain e tecnoloxías DLT.	Blockchains públicas vs privadas. Blockchains permissionadas.
Metodoloxías para determinar o uso dunha Blockchain/DLT.	Diagrama de fluxo para avaliar o uso dunha Blockchain/DLT.
Aplicacións prácticas das tecnoloxías Blockchain/DLT.	Aplicacións e casos de uso blockchain. Organizacións Autónomas Descentralizadas (DAO). Metaverso. Novos modelos de negocio.
Deseño e optimización de arquitecturas baseadas en Blockchain/DLT.	Despregamento e goberno de blockchain en cloud. Green Blockchain. Converxencia de blockchain con outras tecnoloxías (e.g., IoT, 5G/6G, IA).
Ciberseguridade das tecnoloxías DLT e Blockchain.	Privacidade en tecnoloxías DLT e Blockchain.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A26 B1 B22 C7 C9	21	21	42
Prácticas a través de TIC	A26 B2 B4 B5 B1 B22 C7 C9	11	22	33
Traballos tutelados	A26 B2 B4 B5 B1 B22 C9	10	20	30
Proba obxectiva	A26 B4 B22 C9 C7	2	14	16
Atención personalizada		4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición dos contidos da materia.
Prácticas a través de TIC	Prácticas para desenvolver os conceptos adquiridos nas clases maxistras.
Traballos tutelados	Realización por parte do alumnado de traballos de compoñente tanto teórica coma práctica.
Proba obxectiva	Valoración dos coñecementos adquiridos en toda a asignatura: prácticas e teoría.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	O profesor realizará tutorías e guiará a posta en marcha das prácticas.
Prácticas a través de TIC	Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e con dispensa académica de exención de asistencia: non se esixirá a asistencia ás prácticas. Asemade, os horarios de tutorías poderán adaptarse segundo as necesidades dos ditos alumnos matriculados a tempo parcial.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A26 B2 B4 B5 B1 B22 C9	Realización por parte do alumnado de traballos de compoñente tanto teórica coma práctica.	40
Prácticas a través de TIC	A26 B2 B4 B5 B1 B22 C7 C9	Valoración dos resultados e coñecementos obtidos nas prácticas desenvolvidas.	20
Proba obxectiva	A26 B4 B22 C9 C7	Valoración das competencias asimiladas na materia.	40



## Observacións avaliación

### PRIMEIRA OPORTUNIDADE

As prácticas consistirán en exemplos de aplicación da teoría vista nas sesións maxistras. A súa valoración farase de xeito continuado, ó remate dos prazos indicados.

A proba obxetiva dividirase nunha parte orientada a valorar o nivel de asimilación dos resultados das prácticas e noutra a valorar o nivel de coñecementos xerais adquiridos na materia.

Alumnos matriculados a tempo parcial: non se esixirá a asistencia ás prácticas.

### SEGUNDA OPORTUNIDADE E CONVOCATORIAS EXTRAORDINARIAS

Os alumnos terán a opción de conservar as notas de prácticas e/ou traballos tutelados obtidas durante o curso académico e terán que realizar unha proba mixta, establecéndose a nota nas mesmas porcentaxes aplicadas na primeira oportunidade. O resto do alumnado (incluído o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia) terá que realizar unha proba mixta da teoría (40% da nota) e a práctica (20% da nota) e entregar un traballo titorizado (40% da nota).

### OUTROS COMENTARIOS

Non se conservará ningunha das notas obtidas para os cursos académicos posteriores.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con

?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Phil Champagne (2014). The Book Of Satoshi: The Collected Writings of Bitcoin Creator Satoshi Nakamoto. E53 PUBLISHING LLC</li> <li>- Melanie Swan (2015). Blockchain: Blueprint for a New Economy. O'Reilly Media</li> <li>- Lorne Lantz, Daniel Cawrey (2020). Mastering Blockchain: Unlocking the Power of Cryptocurrencies, Smart Contracts, and Decentralized Applications. O'Reilly Media</li> <li>- Zibin Zheng, Wuhui Chen, Huawei Huang (2023). Blockchain Scalability. Springer</li> <li>- Rishabh Garg (2023). Blockchain for Real World Application. Wiley</li> <li>- Ethereum.org (2023). Ethereum Development Tutorials. <a href="https://ethereum.org/en/developers/tutorials/">https://ethereum.org/en/developers/tutorials/</a></li> <li>- Solidity (2023). Solidity Programming Language . <a href="https://docs.soliditylang.org/en/latest/">https://docs.soliditylang.org/en/latest/</a></li> </ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tiago M. Fernández-Caramés, Paula Fraga-Lamas (2018). A Review on the Use of Blockchain for the Internet of Things. IEEE Access</li> <li>- Paula Fraga-Lamas, Tiago M. Fernández-Caramés (2019). A Review on Blockchain Technologies for an Advanced and Cyber-Resilient Automotive Industry. IEEE Access</li> <li>- Tiago M. Fernández-Caramés, Paula Fraga-Lamas (2020). Towards Post-Quantum Blockchain: A Review on Blockchain Cryptography Resistant to Quantum Computing Attacks. IEEE Access</li> <li>- Tiago M. Fernández-Caramés, Paula Fraga-Lamas (2019). A Review on the Application of Blockchain to the Next Generation of Cybersecure Industry 4.0 Smart Factories. IEEE Access</li> <li>- Tiago M Fernández-Caramés, Oscar Blanco-Novoa, Iván Froiz-Míguez, Paula Fraga-Lamas (2019). Towards an autonomous industry 4.0 warehouse: A UAV and blockchain-based system for inventory and traceability applications in big data-driven supply chain management. Sensors</li> </ul>

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

**Observacións**



Esta materia cumprirá coas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, respectando a perspectiva de xénero (e.g., buscarase usar linguaxe non sexista).

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías